

LE E COLOCA SEGUNDO A EMOCIÓN QUE SE EXPRESA

Xiana está deitada na praia escoitando o mar mentres le un libro. <i>¿Como se sentirá Xiana?</i>	Lía ten que saír correndo do cole xunto cos seus compañeiros e compañeiras porque se produce un incendio. <i>¿Como se sentirá Lía?</i>
Antía atopou o seu coche vermello que lle encanta e que creía perdido. <i>¿Como se sentirá Antía?</i>	Martiño xoga ao parchís con súa irmá, perde e zapatea o taboleiro. <i>¿Como se sentirá Martiño?</i>
Ana ía saír de paseo pero comeza a chover e ten que quedar na casa, chora e pega un portazo. <i>¿Como se sentirá Ana?</i>	Antón ven de deixar na clínica veterinaria ao seu canciño Rufo que o acaba de atropelar un coche e está grave. <i>¿Como se sentirá Antón?</i>
Elisa ven de ver unha película de monstros e vampiros con seu irmán e agora non pode durmir. <i>¿Como se sentirá Elisa?</i>	Xoán vai o estadio a animar a súa nai que participa nunha carreira, súa nai gaña a proba. <i>¿Como se sentirá Xoán?</i>
Sara acaba de despedirse de seu pai que marcha para navegar. <i>¿Cómo se sentirá Sara?</i>	Celso séntase a descansar coa súa boneca na herba á sombra dunha grande árbore. <i>¿Cómo se sentirá Celso?</i>



CALMA



ENFADO



MEDO



LEDICIA



TRISTURA